



Concello do Grove

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN+PROVINCIA) 2026 LIÑA3

EXPEDIENTE: 760/2026

O Concello do Grove solicitoulle unha subvención á Deputación de Pontevedra, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Máis Provincia 2026 correspondente á liña 3: Activación do emprego 2026, publicadas no BOP de Pontevedra núm. 1, do 2 de xaneiro de 2026, co obxecto de contratar de forma temporal persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, segundo a aprobación por Xunta de Goberno Local do 9 de marzo do 2026, que aproba a solicitude de subvención e a memoria explicativa “ACTIVACIÓN 2026”, das actuacións que se van desenvolver a través da Liña 3 do Plan Máis Provincia.

A Deputación Provincial de Pontevedra, na Resolución da Xunta de Goberno en sesión ordinaria do día 1 de abril de 2026, aproba a concesión da subvención solicitada para a contratación dos traballadores/as e categorías laborais relacionadas:

Núm. traballadores/as	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)
17	3 condutores/as camión C+CAP, 1 operario/a, 2 peóns/peoas de xardinaría, 7 peóns/peoas de limpeza e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses, 1 peón/peoa de limpeza a xornada completa durante 3,5 meses e 2 peóns/peoas de limpeza a xornada completa durante 3 meses

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto das presente bases é a contratación de persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coa finalidade de dispor do persoal necesario, establecido na solicitude realizada dentro da convocatoria do Plan+Provincia 2026 na Liña 3 Activación do emprego 2026.

Atendendo ao capítulo III. Liña 3 Activación do emprego 2026 establécese:

“A través desta liña subvencionarase a contratación de persoas desempregadas, por parte dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, tendo en conta os seguintes requisitos:





Concello do Grove

- *Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.*
- *Que favorezan na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.*
- *Que sexan prestados ou executados no ámbito municipal.*
- *Que respondan a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.*
- *Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno.*

As subvencións comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (de calquera categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases; en todo caso, respectaranse o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.”

Así mesmo establece que os contratos se celebrarán “...a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará a Deputación de Pontevedra.”

SEGUNDA. REQUISITOS XERAIS

Para poder participar nas probas de selección será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público:

- a) *Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.*





Concello do Grove

- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Para o posto de:
 - 5 Peóns/peoas de limpeza: 6 meses
 - 2 Peóns/peoas de limpeza: 6 meses con carné de conducir B.
 - 2 Peón/peoa de limpeza: 3 meses.(xuño, agosto e setembro, xornada de tarde)
 - 1 Peón/peoa de limpeza 3,5 meses con carné de conducir B, para zona Pedras Negras
 - 1 Operario: 6 meses con carné de conducir B.
 - 2 Peóns/peoas de xardinería: Formación en xardinería (FP ou certificado de profesionalidade) e carné de conducir B.
 - 3 Condutores/as: Carné de conducir C e CAP en vigor.
 - 1 Animador/a sociocultural: Formación monitor/a de ocio e tempo libre

Estes requisitos son imprescindibles para acceder ao proceso de selección, non puntúan na baremación.

Os criterios que complementarán á selección, segundo consta nas bases da convocatoria publicada no BOPPO núm. 1 de data 2 de xaneiro de 2026:

“Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, nos que farán referencia aos requisitos e ás características que deben reunir as persoas que se van contratar para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

O Concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatos/as, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución da subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- *Persoas en desemprego de longa duración.*
- *Mulleres con baixa cualificación.*





Concello do Grove

- *Persoas candidatas maiores de 45 anos.*
- *Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.*
- *Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.*
- *Vítimas de violencia de xénero.*
- *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.*
- *Persoas candidatas con niveis de renda máis baixos.*

En caso de que algunhas das persoas contratadas renunciaren ao contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato, anticipadamente, o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír ao anterior polo tempo restante.

Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.”

TERCEIRA. POSTOS OFERTADOS, TIPO DE CONTRATO, RETRIBUCIÓN E TIPO DE XORNADA

A contratación dos traballadores/as será en réxime laboral temporal na modalidade de contrato para mellora da ocupabilidade e da inserción, de conformidade coas regras de contratación establecidas nas bases da subvención citadas e pola duración establecida para cada un.

ACTIVACIÓN 2026

- DEPARTAMENTOS DE OBRAS E SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE:

Prazas: **5 peóns/peoas de limpeza:** xornada completa, 6 meses (94431016) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral.

Prazas: **2 peóns/peoas de limpeza:** xornada completa, 6 meses (94431016) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Carné de conducir B

Prazas: **2 peóns/peoas de limpeza:** xornada completa, 3 meses (94431016) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Meses de xuño, agosto e setembro, e





Concello do Grove

xornada de tarde.

Prazas: **1 peón/peoa de limpeza:** xornada completa, 3,5 meses (94431016) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Carné de conducir B

Prazas: **2 peóns/peoas de xardinería:** xornada completa, 6 meses (95121019) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Carné de conducir B. Preferiblemente con formación en xardinería (FP ou certificado de profesionalidade)

Retribucións salariais: establecido a través das táboas salariais do persoal laboral temporal do Concello do Grove.

- Salario bruto con prorrata paga extra: 1.424,50 €/mes

Prazas: **3 condutores/as:** xornada completa, 6 meses (84321042) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Carné de conducir C e CAP en vigor.

Retribucións salariais: establecido a través das táboas salariais do persoal laboral

Conductor/a:

- Salario bruto máis prorrata paga extra: 1.826,53 €/mes

Prazas: **1 Operario:** xornada completa, 6 meses (96011029) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Carné de conducir B

Retribucións salariais: establecido a través das táboas salariais do persoal laboral

Opeario:

- Salario bruto máis prorrata paga extra: 1.793,61 €/mes

-DEPARTAMENTO DE CULTURA:

Prazas: **1 animador/a sociocultural:** xornada completa, 6 meses (37331030) ou data máxima de finalización do contrato ata o 31 de decembro de 2026. Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral. Formación monitor/a de ocio e tempo





Concello do Grove

libre.

Retribucións salariais: establecido a través das táboas salariais do persoal laboral temporal do Concello do Grove.

- Salario bruto máis prorratea paga extra: 1.424,50 €/mes

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Os/as aspirantes serán convocados nun chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

Deberán presentarse no lugar, data e hora que se notifique polo Servizo Público de Emprego de Galicia coa carta remitida polo SPEG no que se convoca ao aspirante, identificado co D.N.I., pasaporte ou calquera outro documento válido legalmente que acredite a súa personalidade.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos comparecentes para que acrediten a súa personalidade.

Contido do proceso selectivo:

Proba de oposición:

As persoas aspirantes remitidas pola oficina de emprego deberán superar a proba establecida para cada posto.

O día, lugar e hora da proba será indicado no chamamento realizado na carta remitida aos candidatos/as preseleccionados polo Servizo de Emprego Público de Galicia, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impidira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

Contido das probas:

Peón/peoa limpeza, Operario, Peón/peoa de xardinería, Conductor/a: **realizarán proba teórica-práctica, eliminatória e puntuable** que determinen as persoas membros do Tribunal e baseadas no temario específico. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes á hora da súa adecuación ao posto de traballo. Puntuación máxima 10 puntos.

Para o posto de Animador/a sociocultural realizarán **unha proba tipo test, eliminatória e puntuable** con preguntas baseadas no temario. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes á hora da súa adecuación ao posto de





Concello do Grove

traballo. Puntuación máxima 10 puntos.

Para superar a parte de oposición e acceder á seguinte fase de baremación de criterios persoais e de inclusión social, será necesario obter unha puntuación mínima de **5 puntos, no proba de coñecementos específicos, sendo a puntuación máxima de 10 puntos**. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de persoas aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

Coñecemento de galego:

Proba escrita ou oral, puntuable entre 0 e 1 punto, non eliminatória, de tradución dun texto do castelán ao galego correspondente ao nivel requirido para o posto.

Estarán exentos os/as candidatos/as que acrediten o coñecemento da lingua galega coa fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega. Celga (ou certificado de aptitude do curso de iniciación de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). Nivel Celga esixido por posto:

- Peón/peoa limpeza, Operario, peón/peoa xardinaría, condutor/a: **Celga 2**.
- Animador/a sociocultural: **Celga 3**.

Os/as candidatos/as que presente a acreditación correspondente puntuarase con 1 punto.

QUINTA. BAREMACIÓN DE CRITERIOS PERSOAIS E DE INCLUSIÓN SOCIAL (NON ELIMINATORIA E PUNTUABLE)

En función do recollido nas Bases Reguladoras do Plan Máis Provincia, Líña 3, resulta obrigado establecer un sistema de puntuación dos criterios de preferencia de inclusión social con aplicación de criterios obxectivos, de cara a ofrecerlles a posibilidade dun contrato de interese social.

Para realizar a baremación, as persoas convocadas polo SPEG deben entregar no Rexistro Xeral do Concello do Grove o Anexo II cuberto e asinado, na data en que son convocados polo SPEG acompañando da seguinte documentación acreditativa para proceder á súa baremación:

- Tarxeta de demandante de emprego.
- Documento nacional de identidade respecto dos aspirantes que posúan a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros da Unión Europea e do pasaporte e o certificado ou tarxeta de residencia.
- Documento acreditativo de coñecemento de galego: Celga 2 ou Celga 3 segundo corresponda.
- A documentación acreditativa dos criterios sociolaborais que se aleguen para a súa





Concello do Grove

valoración tal e como se indica na base quinta.

Para poder acreditar estes criterios, requirese a presentación dos seguintes documentos:

-Persoas en desemprego de longa duración, informe de períodos de inscrición emitido polo SPEG, que acredite o período de desemprego de 12 meses nos últimos 18. **(1 punto)**.

-Mulleres con baixa cualificación, entenderase baixa cualificación o ter soamente estudos da ESO ou inferior. Acreditarase co DNI, copia da titulación, xunto coa declaración xurada de non ter outra titulación de nivel superior **(0,90 puntos)**.

-Persoas maiores de 45 anos: acreditarase co DNI **(0,80 puntos)**.

-Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación, DNI para acreditar menor de 30 anos, entenderase baixa cualificación o ter soamente estudos da ESO ou inferior. Acreditarase con copia da titulación, xunto coa declaración xurada de non ter outra titulación de nivel superior **(0,65 persoa moza e 0,70 persoa moza baixa cualificación)**.

-Discapacidade superior ao 65% ou persoas con discapacidades cualificadas como de maior dificultade de acceso o mercado de traballo según o artigo 50.1 da Lei 3/2023 de 28 de febreiro: acreditarase polo certificado correspondente **(0,60 puntos)**.

-Vítimas de violencia de xénero: Acreditarase por calquera das formas que establece o artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero **(0,50 puntos)**.

-Familias monoparentais: Acreditarase mediante a Resolución de declaración de familia monoparental, expedida pola Xunta de Galicia ou documento acreditativo da solicitude realizada **(0,40 puntos)**.

-Nivel de rendas e cargas familiares: tomando como referencia o 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), que para o ano 2026. Acreditarase mediante a declaración xurada de ingresos da unidade de convivencia – ANEXO II das presentes bases e certificados do SEPE, Seguridade Social e Xunta de Galicia **(0,30 puntos)**.

A puntuación máxima na fase de concurso será de **3 puntos**.

De non ter presentada fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, éste non se terá en conta a efectos da súa puntuación.

SEXTA. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación en cadansúa lista, concedéndolles un prazo **de dous días hábiles** para presentar alegacións/reclamacións ás mesmas.





Concello do Grove

A lista publicarase no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello do Grove <https://concellogrove.sedelectronica.gal/info.0>

SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O órgano de selección será designado polo órgano municipal competente e estará constituída por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cuxa composición se fará pública coa lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Todos os membros do Tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a e da metade, polo menos, dos seus membros titulares. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, e as persoas aspirantes poderán recusalos, cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións percibirán axudas de custo pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar as persoas asesoras, que tamén serán compensadas na forma legalmente establecida.

OITAVA. RESULTADO FINAL

O Tribunal reunirse para valorar a documentación das circunstancias sociolaborais presentados polos aspirantes, atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente e publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación en cadansúa lista.

A puntuación final será o resultado de sumar a puntuación da fase de oposición coa puntuación obtida na fase de baremación de circunstancias sociolaborais. As persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao presidente da corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba práctica. Se isto non fose suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida na baremación de circunstancias





Concello do Grove

sociolaborais. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Os/as restantes candidatos/as aprobados/as -pola orde da puntuación obtida- poderán ser contratados/as no caso de vacantes sobrevidas ou necesidades de substitución de persoas seleccionadas neste mesmo proceso, que configuran nas listas de reserva, por orde de maior a menor puntuación, e serán sometidas á aprobación do Alcalde e, posteriormente, expostas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello do Grove (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal/info.0>) para coñecemento dos/as interesados/as e demais efectos legais.

As listas de reserva elaboradas de acordo cos criterios do parágrafo anterior terán duración polo prazo de contratación establecido de acordo con estas bases consorte ás BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN+PROVINCIA 2026 (BOPPO núm. 1 de data 02 de xaneiro de 2026).

No caso de quedar deserto o proceso selectivo ou incompleto o número de postos para cubrir, o Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fora necesario, remitíndolle a ampliación de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, conforme as presentes bases.

As listas publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello do Grove, <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/info.0>

NOVENA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta do Tribunal de selección, o Alcalde ditará unha resolución do procedemento selectivo para formalizar os contratos e a alta na Seguridade Social. As persoas seleccionadas deberán achegar, no prazo que se indicará no acordo de resolución, a documentación requirida.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo consonte a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de Persoal do Concello do Grove, con sede en Praza do Corgo, 1, 36980 O Grove (Pontevedra), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, de ser o caso, o de oposición.

DÉCIMO PRIMEIRA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados. O Tribunal queda





Concello do Grove

facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dubidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA. INCIDENCIAS E RECURSOS

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).





Concello do Grove

POSTOS DE TRABAJO OFERTADOS

TEMARIOS

OPERARIO

FUNCIÓNES ESPECÍFICAS

- Tarefas de mantemento e conservación en xeral das instalacións municipais e mobiliario público, tarefas básicas de albanelería, fontanería, pintura, carpintería, cerraxería e electricidade, baixo supervisión.
- Manter nas debidas condicións as vías públicas do municipio, edificios e instalacións municipais.
- Utilizar maquinaria específica, así como os seus elementos accesorios. Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.

TEMARIO

Tema 1. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 3. Albanelería e Vías Públicas: Reparación de pavimentos, aceirados e mobiliario urbano. Manexo de ferramentas específicas.

Tema 4. Fontanería e electricidade. Mantemento básico en edificios municipais. Manexo de ferramentas específicas.

Tema 5. Redes locais de abastecemento e saneamento. Manexo de maquinaria habitual, pas de pico, picos, carretas, angazos...

Tema 6. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador e Prevención de accidentes

PEÓN/PEOA DE LIMPEZA

FUNCIÓNES ESPECÍFICAS

- Varrer rúas, beirarrúas, beirarrúas, cunetas e áreas peonís, xa sexa a man ou con





Concello do Grove

maquinaria. Baleirado de papeleiras, retirada de lixo de contedores, e limpeza de residuos sólidos urbanos.

- Limpeza de bancos, papeleiras e outros elementos do mobiliario público.
- Uso de equipos de auga a presión para baldeo de rúas, limpeza de imbornales e sumidoiros.
- Realizar a limpeza, hixienización e no seu caso, desinfección de chans, paredes, teitos, cristais e mobiliario en edificios e locais. Retirar a sucidade e os residuos.
- Técnicas para chans, mobiliario, baños, ventilación e recollida de lixo.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.

TEMARIO

Tema 1. O Municipio. Conceptos e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encuadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 3. Conceptos xerais sobre sistemas de limpeza. Técnicas para chans, mobiliario, baños, ventilación e recollida de lixo.

Tema 4. Métodos de varrido (manual/mecánico), baldeo, limpeza de pintadas, manexo de ferramentas habituais de traballo, vasoiras, cepillos, carros....

Tema 5. Nocións xerais sobre a retirada e reciclaxe de residuos.

Tema 6. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador e prevención de accidentes.

PEÓN/PEOA DE XARDINERÍA

FUNCIÓNS ESPECÍFICAS

- Tarefas propias de mantemento de parques e xardíns municipais: sementeira, poda, rega, transplante e aplicación de praguicidas.
- Realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, sementeira e plantación de zonas verdes e xardíns.
- Realizar operacións auxiliares para o rego, fertilización e aplicación de tratamentos en zonas verdes e xardíns.
- Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.

TEMARIO

Tema 1. O Municipio. Conceptos e elementos. O termo municipal. A poboación. A





Concello do Grove

organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 3. Especies habituais en xardinería.

Tema 4. Principais pragas e enfermidades no xardín. Métodos de control.

Tema 5. Sistemas de rega: tipos e características.

Tema 6. Maquinaria. Rozadora. Trituradora. Segadora. Sopradora. Maquinaria auxiliar. Ferramentas: ferramentas de poda, ferramentas de limpeza.

Tema 7. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador e prevención de accidentes.

CONDUTOR/A

FUNCIÓNS ESPECÍFICAS

- Desenvolvemento de maneira profesional e con total dominio do seu oficio das tarefas propias da súa categoría.
- Coidado e control do perfecto estado do material e ferramentas que precise para realizar o seu cometido.
- Manexo de vehículos e maquinaria adscritos ao servizo.
- Realización de calquera tipo de traballo que requira o emprego de maquinaria.
- Utilización das ferramentas, materiais e vehículos necesarios, así como realización de tarefas de carga e descarga, se é preciso, de materiais e elementos vinculados ao servizo.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído/a.

TEMARIO

Tema 1. O Municipio. Conceptos e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 2. Normas de comportamento na circulación: Normas xerais de conducción. Usuarios, condutores e titulares de vehículos. Obras e actividades Advertencias dos condutores .

Tema 3.- Normas elementais de mantemento dun vehículo: filtro de aire, batería, sistema de aceso, niveis de líquidos, correas, pneumáticos e sistema de freado.





Concello do Grove

Tema 4.-Normas elementais para a condución dun vehículo tractor. Descrición das manobras de xiro e marcha atrás.

Tema 5.-Os vehículos de remolque. Precaucións elementais para o remolque. Descrición dos sistemas máis frecuentes para o remolque ou traslado doutros.

Tema 6. A guía de rúas e o termo municipal do Grove.

Tema 7. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador e prevención de accidentes.

ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL

FUNCIÓNS ESPECÍFICAS

- Atención ao público, información e asesoramento.
- Programación: elaborar, presentar e executar proxectos, priorizando obxectivos segundo as necesidades e os recursos existentes.
- Colaborar na organización e desenvolvemento de actividades culturais, etnográficas e de dinamización lectora.
- Calquera outra relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico e para o que foi previamente instruído.

TEMARIO

Tema 1. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal e competencias.

Tema 2. O Concello do Grove. Encadre territorial e poboación. Instalacións e servizos municipais.

Tema 3. Funcións de animación sociocultural.

Tema 4. Instalacións e equipamento cultural do Concello do Grove.

Tema 5. O Concello do Grove. Patrimonio histórico, cultural e Festas Populares.

Tema 6. Programación cultural de verán do Concello do Grove.

Tema 7. A Rede de Bibliotecas do Grove: Actividades de dinamización lectora.





Concello do Grove

Tema 8. Ordenanza reguladora da taxa e condicións de uso de espazos, locais e instalacións municipais do Concello do Grove.

Tema 9. Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador e prevención de accidentes.





Concello do Grove

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS (PLAN MÁIS PROVINCIA 2026)

DON/A: _____

DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo o contido das bases que rexen o proceso selectivo para a contratación de _____ ao abeiro do Plan Máis Provincia 2026.

2. Que son considerada persoa desempregada de longa duración **SI** **NON**

3. Que son considerada muller con baixa cualificación: **SI** **NON**

4. Que son maior de 45 anos: **SI** **NON**

3. Que son considerada persoa moza (menor de 30 anos) **SI** **NON**

4. Que son considerada persoa moza (menor de 30 anos) de baixa cualificación **SI** **NON**

5. Que posúa unha minusvalía, nas condicións establecidas nas bases proceso selectivo Plan Máis Provincia 2026: **SI** **NON**

6. Que son familia monoparental: **SI** **NON**

7. Que os estudos máximos que poseo son: _____

8. QUE A UNIDADE FAMILIAR A QUE PERTENZO ESTÁ COMPOSTA POR _____ PERSOAS (indicar o numero de membros e ingresos si procede):

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	INGRESOS MENSUAIS/ PROCEDENCIA

QUE Á DATA DE PRESENTACIÓN PERCIBO OS SEGUINTES INGRESOS MENSUAIS,

_____ Euros.

En concepto de: (marcar a opción que corresponda):

- a) Prestación Servizo Público de Emprego (desemprego, axuda familiar...)
- b) Prestación Seguridade Social (discapacidade, orfandade, viudedade...)
- c) RISGA (renda de inserción social de Galicia)





Concello do Grove

d) Outras Axudas (a vítimas de violencia de género, a emigrantes retornados, ingreso mínimo vital...)

Que reuno todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

E para que así conste, asino a presente declaración

O Grove, _____ de _____ de 2026

NOTA: *En relación con estas declaracións responsables, cómpre subliñar que as persoas candidatas:*

- *Autorizan expresamente o tribunal para solicitarlles aos órganos que estime oportunos, de ser o caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nesta declaración.*

- *Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación presentada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información, que poderá dar lugar á expulsión do proceso selectivo.*

- *Comprométese de xeito expreso a comunicarlle ao tribunal, de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou do nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.*

No caso de que este documento non sexa cuberto, non se valorarán nin as cargas familiares nin o nivel de rendas.

